

Alessandro Baricco

HOMERO, ILÍADA

Traducción, introducción e notas
de Moisés Barcia

Limiar

HOMERO

Homero foi un poeta grego ó que se atribúe a autoría da *Ilíada* e a *Odisea*, as dúas grandes composicións épicas da antiga Grecia. As súas obras supoñen un precedente para a literatura occidental, ademais dunha valiosa fonte histórica e etnográfica. Grazas a el, hoxe en día tense acceso a datos que mostran como era a sociedade grega do seu tempo.

Todo o relativo á súa figura posúe un matiz misterioso, pois non se sabe ben quen foi, onde e cando viviu, se realmente é o autor da *Ilíada* ou mesmo se verdadeiramente existiu. Como con moitos escritores da época, tentouse seguir as pegadas sobre a súa biografía e identificar que hai de certo nela.

A primeira incógnita é quen foi realmente Homero. A hipótese máis antiga e probable é que fose fillo dunha orfa chamada Creteidas e se dedicase ó comercio ata que quedou cego e empezou a centrarse en actividades artísticas, nas que sempre destacara.

O seu lugar de nacemento non está claro. Baseándose nas características lingüísticas das súas obras, unhas investigacións recentes sitúano en Asia Menor. Tampouco se coñece a época na que viviu: uns estudosos cren que foi no século VIII a.C., outros no período da guerra de Troia e outros un par de décadas despois dese acontecemento.

Tamén se debate se realmente Homero é o único responsable das súas obras ou se é un pseudónimo baixo o que se

esconden diferentes autores. As dúas posturas que se defenden nesta disputa, chamada «cuestión homérica», son:

- A dos que afirman que as obras homéricas están escritas por máis dun autor, baseándose na súa extensión, nos anacronismos, no uso de técnicas literarias diferentes e nas variacións da lingua grega que se observan.
- A dos que sosteñen que o poeta recolleu e sintetizou relatos orais para crear a súa obra, e que as variacións poden deberse a que escribiu a *Ilíada* na súa mocidade e a *Odissea* durante a vellez.

Mesmo hai quen afirma que Homero non existiu realmente e só é un nome elixido para recoller por escrito a tradición oral da Guerra de Troia e exaltar así a mitoloxía grega.

Non se sabe cal destas é a resposta correcta, polo que o debate segue aberto.

A OBRA HOMÉRICA

Homero é un dos primeiros poetas da antiga Grecia cuxa creación se conserva. Hai que ter en conta que a maioría das obras deste período se perderon ou só se conservan fragmentos delas.

A Homero non só se lle atribúen a *Ilíada* e a *Odissea*, compostas no século VIII a.C., senón que algúns estudosos o cren tamén autor da *Betracomioaquia*, da *Pequena Ilíada* e dos *Himnos ós deuses*.

A *Ilíada* e a *Odissea* non só sobreviviron, senón que foron imitadas e consideradas modelos durante séculos. Tal é a súa importancia que mesmo serviron de inspiración a obras como a *Eneida*, a grande epopea sobre o Imperio Romano.

A *Ilíada* consta de 15693 versos agrupados en 24 cantos. Nela relátase o décimo ano da Guerra de Troia (ou de Ilión, nome grego da cidade, de onde procede o título de *Ilíada*). Segundo a tradición, a guerra produciuse porque o príncipe troiano Paris raptou a Helena, esposa de Menelao, o rei de Esparta, e o exército espartano vai entón asediar a cidade de Troia. Ademais dos personaxes humanos interveñen na historia deuses gregos, favorecendo ou prexudicando personaxes dun e doutro bando.

O núcleo argumental é a célebre Cólera de Aquiles¹, xa que na *Ilíada* non se narra nin o comezo da guerra nin a súa conclusión mediante o famoso cabalo de Troia. Tras un enfrontamento co seu comandante Agamenón, Aquiles retirárase do combate en pleno asedio de Troia, e négase a volver ó seu posto, a pesar de que esta baixa debilita considerablemente o exército grego. Pero entón sucede algo que o fai cambiar de opinión: Patroclo, o seu amigo íntimo, morre a mans de Heitor, fillo do rei de Troia.

ESTA VERSIÓN DA *ILÍADA*

O escritor Alessandro Baricco concibiu en 2004 esta versión da *Ilíada*, pensada inicialmente para realizar unha lectura pública do texto. De entre todas as traducións dispoñibles ó italiano moderno partiu da de María Grazia Ciani (Edizioni Marsilio, Venecia, 1990, 2000), sobre a que realizou algunhas intervencións:

- Eliminou algunhas partes co obxectivo de alixerar o texto. Aínda que son poucos os casos en que se cortan escenas completas (por exemplo o canto xxiii, que describía os xogos fúnebres celebrados en honor a Patroclo, e que suprimiu íntegro), si se prescinde das intervencións dos deuses, que interveñen bastante a miúdo na *Ilíada*, por seren as partes máis alleas á sensibilidade moderna e romperen a cadencia da narración.
- Modificou o estilo, eliminando arcaísmos e buscando un ritmo áxil.
- Pasou a narración a primeira persoa, substituíndo o narrador externo por unha serie de personaxes ós que se lles fai relatar a historia.



Son os primeiros versos da obra, que din así: «Canta, deusa, a cólera de Aquiles, o fillo de Peleo, / tan funesta que lles causou infinitas dores ós aqueos / e levou ó Hades moitas almas valentes / de heroes, convertidos en alimento para os cans / e as aves de rapina –cumpríase así o designio de Zeus– dende que se separaron / disputando o rei Agamenón e o divino Aquiles».

- Fixo algúns engadidos ó texto para achegar determinados matices (destacados en letra cursiva) ou para traer partes da historia que transmitiron outras narracións posteriores pero que non figuran na *Ilíada* (caso do capítulo final, sobre o cabalo de Troia, que se tomou da *Odisea* e d'*A toma de Ilion*, de Trifiodoro).

Esta adaptación da *Ilíada* feita por Baricco acadou un grande éxito, e traducíuse á súa vez a numerosas linguas. A edición galega engade, ademais desta introdución, un brevísimo resumo no inicio de cada capítulo (no que se sinala entre corchetes a correspondencia cos cantos da *Ilíada* orixinal) e algunhas notas explicativas que lle resultarán de utilidade ó público non especializado a quen se dirixe este libro.



Criseida

[1] *Os gregos levan nove anos sitiando a cidade de Troia, cando se desata unha peste no campamento grego. Consúltase cun adiviño, quen vaticina que a peste non cesará ata que Agamenón devolva a Criseida, a rapaza que tomou como escrava. Agamenón devolve a escrava, pero arrebatálle a súa a Aquiles, que se retira da batalla.*

Todo comezou un día de violencia.

Había nove anos que os aqueos² asediaban Troia: a miúdo necesitaban víveres, ou animais, ou mulleres, e entón abandonaban o asedio e ían procurar o que querían saqueando as cidades veciñas. Ese día tocoulle a Tebas, a miña cidade. Colléronnos todo e levárono ás súas naves.

Entre as mulleres que raptaron estaba tamén eu. Era fermosa: cando os príncipes aqueos repartiron o botín no seu campamento, Agamenón viume e quíxome para si. Era o rei de reis, e o xefe de todos os aqueos: levoume á súa tenda, e

2

Na *Iliada*, e tamén na *Odisea*, úsanse os nomes *aqueos* e *dánaos* para referirse ós gregos. O termo *aqueos* provén de Acaia (unha rexión do norte da península do Peloponeso), e *dánaos*, de Dánao, personaxe da mitoloxía grega.

ó seu leito. Na súa patria tiña unha esposa chamada Clitemnestra, a quen amaba, pero ese día viume e quíxome para si.

Pero uns días despois chegou ó campamento o meu pai Crises, ancián e sacerdote de Apolo. Levou espléndidos agasallos, e pediulles ós aqueos que a cambio me liberasen. Xa o dixeran: era un ancián, e era sacerdote de Apolo; despois de velo e escoitalo, todos os príncipes aqueos se pronunciaron a prol de aceptar o rescate e de honrar a nobre figura que fora suplicarlles. Só un de entre todos eles non se deixou engaiolar: Agamenón, que se ergueu e se botou brutalmente ó meu pai dicíndolle:

–Desaparece, ancián, e que non te volva ver. Non vou liberar a túa filla: envellecerá en Argos, na miña casa, lonxe da súa patria, traballando no tear e compartindo o leito comigo. Agora vaite, se queres salvar a pel.

O meu pai, aterrado, obedeceu. Foise, en silencio, e desapareceu onde estaba a ribeira do mar, diríase que no ruído do mar. Entón sucedeu que de súpeto a morte e a dor se abateron sobre os aqueos. Durante nove días, moitas frechas³ mataron homes e animais, e as piras dos mortos brillaron sen tregua. O décimo día Aquiles convocou o exército en assemblea. Diante de todos dixo:

–Se isto continúa verémonos obrigados a coller as nosas naves e regresar á casa para fuxir da morte. Preguntémoslle a un profeta, a un adiviño ou a un sacerdote que nos saiba explicar o que sucede e nos poida liberar deste flaxelo.

Entón ergueuse Calcante, que era o máis famoso dos adiviños, e que sabía as cousas que foron, que son e que serán. Era un home sabio, e dixo:



Estas frechas envíanas os deuses como castigo, e adoptan entre as persoas a forma dunha epidemia de peste.

–Queres saber a causa de todo isto, Aquiles, e voucha dicir. Pero xura que me defenderás, porque o que direi podería ofender un home que ten poder sobre todos os aqueos, e ó que todos os aqueos obedecen. Arrisco a miña vida: xura que a defenderás.

Aquiles respondeulle que non debía ter medo, senón que debía dicir o que sabía. Dixo:

–Mentres eu estea vivo ninguén de entre os aqueos ousará levantar a man contra ti. Ninguén. Nin sequera Agamenón.

Entón o adiviño armouse de valor e dixo:

–Cando ofendemos aquel ancián, a dor caeu sobre nós. Agamenón rexeitou o rescate e non liberou a filla de Crises: e a dor caeu sobre nós. Só hai un xeito de apartala: devolver esa rapariga de ollos vivaces antes de que sexa tarde de máis.

Así falou, e logo sentou.

Entón Agamenón ergueuse, co ánimo cheo de negro furor e os ollos incendiados por lóstregos de lume. Mirou con odio a Calcante e dixo:

–Profeta de desgrazas, nunca tiveches boas profecías para min. Só che gusta revelar o mal, nunca o ben. E agora queres privarme de Criseida, que me é máis grata cá miña propia esposa, Clitemnestra, e que podería rivalizar con ela en beleza, intelixencia e nobreza de ánimo. Teño que devolvela? Fareino, porque quero que o exército se salve. Fareino, se así ten que ser. Pero preparádeme decontado outro agasallo que a poida substituír, porque non é xusto que só eu de entre os aqueos quede privado do seu botín. Quero outro agasallo para min.

Entón Aquiles dixo:

–Como che podemos atopar outro agasallo, Agamenón? Xa se repartiou todo o botín, non é lícito volver atrás e empe-

zar outra vez dende o principio. Devolve a rapariga e pagáremosche o triplo ou o cuádruplo en canto tomemos Ilion⁴.

Agamenón negou coa cabeza.

–Non me enganas, Aquiles. Ti queres quedar co teu botín e deixarme a min sen nada. Non, devolverei esa rapariga, e logo virei coller o que me praza, e se cadra collereillo a Áiax, ou a Ulises, ou se cadra collereicho a ti.

Aquiles mirouno con odio.

–Home imprudente e cobizoso –dixo–. E ti pretendes que os aqueos te sigan na batalla? Eu non vin aquí para loitar contra os troianos, que non me fixeron nada. Non me roubaron bois nin cabalos, non me destruíron a colleita: montañas cheas de sombra separan a miña terra da súa, e un mar fragoroso. É por seguirte a ti polo que estou aquí, home sen vergoña, para defender o honor de Menelao e o teu. E a ti, bastardo, cara de can, tanto che ten e ameázasme con quitarme o botín polo que tanto sufrín? Non, é mellor que volva para a casa antes que permanecer aquí deixando que me deshonren e loitando para proporcionarche a ti tesouros e riquezas.

Entón Agamenón respondeu:

–Vaite, se o desexas. Non serei eu quen che pregue que quedes. Outros acadarán honor ó meu carón. Non me agradas, Aquiles: gústanche as liortas, a pendencia e a guerra. Es forte, é certo, pero iso non é mérito teu. Volve para reinar na túa casa, que non me importas nada, e non teño medo da túa xenreira. É máis, escoita: volve mandar a Criseida ó seu pai, no meu barco, cos meus homes. Pero despois irei eu mesmo á túa tenda e levarei a fermosa Briseida⁵, o teu botín,



Ilion era outro nome empregado polos gregos para referirse a Troia. Del deriva Ilíada, que significa 'relato sobre Troia'.



Criseida chamábase así por ser filla de Crises, e Briseida, de Briseo.

para que saibas quen é o máis forte e para que todos aprendan a terme medo.

Así dixo. E foi coma se golpease a Aquiles xusto no corazón. Tanto, que o fillo de Peleo fixo ademán de desenvaiñar a espada e certamente mataría a Agamenón se no último momento non conseguise dominar o seu furor e deter a man na empuñadura prateada. Mirou a Agamenón e con rabia díxolle:

–Cara de can, corazón de cervo⁶, canalla. Xuro sobre este cetro que chegará o día en que os aqueos, todos, me han botar de menos. Cando caian baixo os golpes de Heitor hanme botar de menos. E ti sufrirás por eles, pero non poderás facer ren. Só te poderás lembrar de cando ofendiches o máis forte dos aqueos, e tolear polos remorsos e pola rabia. Chegará ese día, Agamenón. Xúroo.

Así dixo, e guindou ó chan o cetro adornado con chatolas de ouro.

Cando a asemblea se disolveu, Agamenón fixo botar ó mar unha das súas naves, asignoulle vinte homes e puxo ó mando a Ulises, o astuto. Logo veu onda min, colleume pola man e acompañoume á nave.

–Fermosa Criseida –dixo, e deixou que volvese co meu pai e á miña terra. Quedou alí, na ribeira, mirando partir a nave.

Cando a viu desaparecer no horizonte, chamou dous escudeiros de entre os que lle eran máis fieis e ordenoulles iren á tenda de Aquiles, colleren da man a Briseida e levárena. Díxolles:

–Se Aquiles se nega a dárvola, dicídelle entón que a irei buscar eu, e que será moito peor para el.



O cervo exemplificaba a covardía.

Os dous escudeiros chamábanse Taltibio e Euríbrates. Encamiñáronse de mala gana pola beira do mar e ó final chegaron ó campamento dos mirmidóns⁷. Atoparon a Aquiles sentado a carón da súa tenda e da negra nave. Detivéronse diante del e non dixeron ren, porque sentían respecto e medo daquel rei. Entón foi el quen falou.

–Achegádevos –dixo–. Non sodes vós os culpables de todo isto, senón Agamenón. Achegádevos, sen terdes medo de min.

Entón chamou a Patroclo e pediulle que collese a Briseida e llela entregase ós dous escudeiros, para que a levasen.

–Sodes as miñas testemuñas –dixo, mirándoos–. Agamenón é un tolo. Non pensa no que vai suceder. Non pensa en cando eu faga falta para defender os aqueos e as súas naves. Non lle importa nada do pasado nin do futuro. Sodes as miñas testemuñas: ese home é un tolo.

Os dous escudeiros puxéronse en camiño, e volveron subir polo carreiro, entre as veloces naves dos aqueos, varadas na praia. Detrás deles camiñaba Briseida. Fermosa, camiñaba triste, e de mala gana.

Aquiles viunos partir. E entón foi sentar só na ribeira do mar branco de escuma, e botouse a chorar, con esa infinita extensión diante del. Era o señor da guerra e o terror de todos os troianos. Pero botouse a chorar, e coma un cativo invocou o nome da súa nai⁸. Entón ela veu de lonxe, e aparecéuselle. Sentou ó seu carón e púxose a acariñalo. En voz baixa, chamouno polo nome.

7

Os mirmidóns eran un lendario pobo da rexión de Ftía que acompañou a Aquiles na guerra de Troia.

8

Os pais de Aquiles eran Peleo, rei da rexión de Ftía, e Tetis, ninfa do mar e unha das cincuenta nereidas (fillas de Nereo, o ancián deus dos mares).